



Xan Ghuindán quixo casare  
non tiña a muller buscada  
foille faser o amore  
á filla da tía Juana

“Boas noites tía Juana  
en donde vai a rapaza.”  
“Vai buscarlo ghas pra noite,  
xa me parece que tarda.”

E neste entrou a nena  
pola porta para dentro.  
“Boas noites Xan Ghuindán,  
eu traioche no pensamento.”

“Pro ti dirálo de risa,  
pero eu dighocho de veras  
hai un pouquiño que vinhe  
touche quentando as canelas.”

“E logho, tes muito frío  
nunca Dios che a min dera  
pode que queiras qeser  
aghora pa primavera.”

...

“Teño tres cabras moi boas  
unha ovella preñada  
unha ghaliña que pon  
uns ovos apastorrados”

“Se mo ques dir mosiña  
non teas fasendo a burla,  
xa sabes que son pobiño  
e riqueza non é muita  
pero habemos de vivir”

...



Fixeron as menisions  
como se acostumbrado  
fóronllas levar ao cura  
que llas lese de contado.

O cura tamén llas leu  
no apertorio da misa  
a xente que as oiron  
fartaron o corpo de risa.

O padriño e a madriña,  
o cura, o sancristán  
fartaron o corpo de risas  
co conto de Xan Ghindán.

De todo o que se pasaba  
alí aínda nada sabía.  
Cheghou o día da voda  
dixo que non o quería.

Eu non seín o que lle pasa  
ás rapas desta terra  
tíranse os homes a elas  
no tempo da primavera.

Alertes, nenas alertes,  
non caiades na rateira  
non vos fiedes nos homes  
en canto estades solteiras.

...

(...) que me casaba  
pero pódocho contar  
quería faser un saio  
téñoche a lan por fiare.

Os sapatos todos rotos  
o pano todo furado  
se tes cartos comprame uns  
casaremos de contado.